

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente Programación Didáctica (PD) está pensada para poder traballar conxuntamente coa outra materia de ámbito artístico, Música e Danza.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Cada Unidade Didáctica estará divida en varios apartados:

- A Plástica e o seu contexto: Observación de obras representativas de arte. Obras elexidas e seleccionadas tendo en conta a idade e a evolución do alumnado.
- Creatividade e composición: Elaboración de obras propias empregando diferentes materiais.
- Sección de volume: Realización de obras recortables para cada unidade ou para días especiais (conmemoracións).
- Nova visión plástica: Animacións, imaxes, emprego de ordenador...
- Sección lúdica: Xogos e actividades para practicar o aprendido e para fomentar a participación e a desinhibición.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Linguaxe visual	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	25	9	X		
2	Ollos de artista	Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e introducindo os audiovisuais. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	25	8		X	
3	Mans de artista	A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais, o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e iniciarnos no debuxo técnico aplicándoo nos debuxos e composicións. As Letras Galegas serán de especial relevancia.	25	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Un curso de cine!	Esta UD inicia o alumnado na obra de diferentes creadores e creadoras, na recepción de propostas plásticas e audiovisuais e nas diferentes técnicas artísticas a empregar.	25	9	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Linguaxe visual	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue as propostas artísticas traballadas na aula.	TI	100
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas.	Describe as principais características das obras traballadas.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Usa con responsabilidade o ordenador para buscar información e presentar traballos.		
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara os rasgos característicos de diferentes obras do patrimonio		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Mostra curiosidade por aprender e descubrir os rasgos característicos das obras artísticas e arquitectónicas presentadas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Cumple as normas de comportamento durante a recepción das propostas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Constrúe un elemento arquitectónico en tres dimensións		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Emprega os elementos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto, liñas, plano, textura e cor. Aplica as claves da proporcionalidade e a simetría nas súas obras.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa no deseño e na produción dunha exposición grupal		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Asume o seu rol nos traballos cooperativos e participa no reparto de responsabilidades e tarefas.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expón os traballos realizados ante o resto do alumnado e valora o proceso e o resultado obtido		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mostra unha actitude activa e participativa durante a realización dos proxectos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración. - Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
2	Ollos de artista	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica obras de diferentes creadoras	TI	100
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas.	Describe obras artísticas realizadas por mulleres.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Realiza un traballo grupal de investigación sobre a obra dunha creadora		
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara os rasgos característicos de diferentes obras		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións e emocións que lle producen as obras traballadas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Cumple as normas elementais de comportamento durante a recepción de propostas artísticas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea obras propias inspirándose en diferentes modelos. Realiza un Collage		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Traballa con materiais e técnicas diversas mostrando iniciativa e motivación por aprender experimentando.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Elabora unha escultura tridimensional		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso de creación dunha exposición grupal		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte co resto do alumnado o resultado e proceso levado a cabo.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Cumple as normas de comportamento e mostra unha actitude participativa e colaborativa,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración. - Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor. - Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.

Contidos

- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.
- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Mans de artista	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue propostas artísticas de diferentes xéneros		
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas.	Describe como se representa o movemento en ilustracións e obras de diferentes estilos.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Investiga sobre obras e artistas empregando o ordenador		
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara diferentes manifestacións culturais e artísticas.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Mostra curiosidade por aprender e descubrir os rasgos característicos das obras artísticas presentadas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Cumple as normas de comportamento durante a recepción de propostas artísticas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Representa a figura humana en movemento sobre un plano debuxando liñas e formas xeométricas.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Elabora un debuxo dun retrato con simetría, de forma guiada. Observa e representa as luces e sombras que produce a luz en obras escultóricas.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planifica a elaboración dun mural colectivo		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa activamente na elaboración dun mural colectivo.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expón os traballos ante o resto do alumnado valorando o proceso e o resultado.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Presenta os traballos con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.
- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.
- Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais
- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Un curso de cine!	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, épocas e culturas.	TI	100
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe os elementos da linguaxe visual presentes en diferentes creacións artísticas e en fotografías.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversos canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Aplica estratexias para a procura de información para realizar un traballo de investigación sobre un creador ou creadora de referencia		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza o propósito comunicativo de diferentes imaxes e producións audiovisuais dos medios de comunicación.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora a obra e os procesos creativos dos diferentes creadores e creadoras traballados		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha obra audiovisual sinxela de forma guiada		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa ideas e emocións nas súas crecións.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planifica e diseña un anuncio		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo dunha produción audiovisual		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte o produto final e explica o proceso levado a cabo		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Cumple as normas de comportamento e mostra unha actitude positiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración. - Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Vocabulario específico nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo. - Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas. - Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos. - Producións multimodais: realización con diversas ferramentas. - Características da linguaxe audiovisual multimodal. - Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación. - Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregarase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia. Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas.
- ligazóns de interese relacionadas coa materia.
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital

Ordenador
Altofalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Bloc de debuxo e cartolinas
Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual
Estoxo
Pasta de modelaxe
Regra, escuadro e cartabón

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Os materiais a empregar atópanse na aula de lingua inglesa en carros, que serán transportados polas aulas. O alumnado debe facerse responsable de traer o seu material: estoxo e bloc de debuxo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Realizarase unha observación durante as primeiras sesións para observar as habilidades básicas, a soltura no trazo, a combinación cromática o nivel de composición etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 75% + UD4 25%

-2º trim.: UD2 75% + UD4 25%

-3º trim.: UD3 75% + UD4 25%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá, facendo especial fincapé na evolución positiva ou negativa do alumno/a.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

-Actividades programadas para todo o grupo.

-Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.

-Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

-Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.			
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqú recollidas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados